



CAL É O PROTOCOLO COVID VIXENTE NO CURSO 2021/2022?

Pode consultalo en http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_covid_curso21_22_2021_07_06.pdf

Que horario teremos este curso?

A actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas co seguinte horario:

- **O 15 de setembro o horario será normal, de 8:45 a 14:25h.** A primeira hora cada grupo irá coa persoa titora e logo horario normal. Só o alumnado de 1º ESO esperará no patio polas persoas titoras; o resto terá marcada a aula correspondente á que acudir.
- **A primeira semana de clase se informará cando e como recoller os cheques para material escolar e os ordenadores E-dixgal.**
- De 8:45 a 14:25h de luns a venres.
- Tarde do luns para ESO, BACHARELATO e FPB: de 16:20 a 18:00h.
- Tarde do luns e martes para CICLOS: de 15:30 a 18:00h.

Que debo facer cada día antes de acudir ao centro?

- Cada día, antes de acudir ao centro, o alumnado realizará unha valoración dos síntomas recollidos na seguinte autoenquisa: pinchar **AQUÍ**.
- **O alumno non acudirá ao centro no caso que presente algún síntoma dos que recolle dito anexo.** Para a xustificación da ausencia non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.

Que sucede se un alumno presenta síntomas no centro?

Ante a detección de síntomas no centro, contactarase coa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. No centro contarase cun espazo ventilado para illar a aquelas persoas con síntomas.

Cales son as medidas xerais de protección no centro?

- Asignación de asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar.
- Distancia entre postos escolares de cando menos 1,20 metros.
- Uso de máscara obrigatorio. Será obriga do alumnado levar cando menos unha máscara de recambio.
- No cambio de aula, o alumnado deberá desinfectar o seu posto.
- Ao tusir ou esbirrar, non retirarse a máscara, e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Hixiene de mans á entrada e saída do centro, así como na entrada e saída das aulas.
- Lavado de mans antes e despois do recreo, así como despois de ir ao aseo.
- O alumnado non compartirá o material propio con ningún dos seus compañeiros.
- As ventás, portas, persianas, dispositivos electrónicos e demais ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou persoal non docente.
- Ventilación de polo menos 15 minutos ao inicio e remate da xornada (mañá e tarde), durante os recreos, 5 minutos polo menos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos durante as clases.
- As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas.



IMPORTANTE: DEBERÁ ENTREGARSE AO TITOR/A A DECLARACIÓN RESPONSABLE ASINADA, a cal será entregada ao alumnado o primeiro día de clase.